

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 6 de marzo de 2024 adoptou, entre outros, o acordo 2/85 MODIFICACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD Á PRAZA DE TÉCNICO/A DE TURISMO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONCURSO/LIBRE (ARTIGO 2.1 LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL OEP 2022), APROBADAS POR ACORDO 5/636 ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO O 2 DE NOVEMBRO DE 2022, na parte dispositiva do cal se fai constar:

“PRIMEIRO.- Modificar o apartado “8º. Sistema de selección. Valoración.” das BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD Á PRAZA DE TÉCNICO/A DE TURISMO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONCURSO / LIBRE (ARTIGO 2.1 LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL OEP 2022), aprobadas por Acordo 5/636 adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo o 2 de novembro de 2022, de xeito que onde di:

“a) *Experiencia profesional.*

Máximo 48,00 puntos. Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no BOE desta convocatoria conforme a seguinte puntuación:

1. Por cada mes completo de servizos prestados coma persoal funcionario interino na praza ou como persoal laboral temporal na categoría profesional ao que aspira no Concello de Lugo: 0,35 puntos, máximo 48 puntos
 2. Por cada mes completo de servizos prestados na Administración Local prestados coma persoal funcionario interino na praza ou como persoal laboral temporal na categoría profesional ao que aspira: 0,20 puntos, máximo 30 puntos
 3. Por cada mes completo de servizos prestados en calquera Administración pública prestados coma persoal funcionario interino na praza ou como persoal laboral temporal na categoría profesional ao que aspira: 0,14 puntos, máximo 18 puntos
- Os meses considéranse de 30 días.

Non se computará como experiencia no ámbito das Administracións Públicas a experiencia adquirida ao servizo de empresas que presten servizos externalizados polas devanditas Administracións. Os servizos prestados a tempo parcial reduciranse proporcionalmente

Para acreditar a experiencia laboral será necesario presentar informe da vida laboral e certificado da Administración pública correspondente que deberá ser expedida de conformidade co modelo e requisitos mínimos do Anexo I - Lei 70/1978, de 26 de decembro, onde quede acreditado de maneira irrefutable os servizos prestados, no que deberá constar a especialidade e categoría profesional,

Personal

ESC/egp

Refª: ispac2558446359391022377.doc

Asunto: Anuncio publicación modificación bases

e data de inicio e finalización do contrato en cuestión.

En caso de contratos coa Administración efectuados no réxime estipulado no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, será necesario presentar unha copia autenticada do referido contrato de traballo.

Os méritos segundo a experiencia alcanzada no Concello convocante serán certificados de oficio pola propia administración, non sendo precisa a súa acreditación por parte dos solicitantes. Todo elo en base ao disposto no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

debe dicir:

“a) Experiencia profesional.

Máximo 48,00 puntos. Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no BOE desta convocatoria conforme a seguinte puntuación:

- Por cada mes completo de servizos prestados como persoal funcionario interino na praza ou como persoal laboral temporal na categoría profesional ao que aspira en calquera Administración pública: 0,35 puntos, máximo 48 puntos

Os meses considéranse de 30 días.

Non se computará como experiencia no ámbito das administracións públicas a experiencia adquirida ao servizo de empresas que presten servizos externalizados polas devanditas administracións. Os servizos prestados a tempo parcial reduciranse proporcionalmente.

Para acreditar a experiencia laboral, será necesario presentar informe da vida laboral e certificado da Administración pública correspondente, que deberá ser expedida de conformidade co modelo e requisitos mínimos do anexo I - Lei 70/1978, do 26 de decembro, onde queden acreditados de maneira irrefutable os servizos prestados, no que deberá constar a especialidade e categoría profesional, e data de inicio e finalización do contrato en cuestión.

En caso de contratos coa Administración efectuados no réxime estipulado no Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, será necesario presentar unha copia autenticada do referido contrato de traballo.

Os méritos segundo a experiencia alcanzada no Concello convocante serán certificados de oficio pola propia Administración, non sendo precisa a súa acreditación por parte dos solicitantes. Todo iso, con base no disposto no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.”

SEGUNDO.- Elimínanse así os apartados que permitían puntuar en maior medida os servizos prestados nas prazas vinculadas á convocatoria, puntuando por igual aos/ás aspirantes que desempeñaran as mesmas funcións noutras

administracións públicas, con base na sentenza da Sala Terceira do Tribunal Supremo (Sección 4ª) do 18 de outubro de 2022 (rec. 2145/2021).

TERCEIRO.- Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

CUARTO.- Publicar a modificación destas bases no Portal de Transparencia do Excmo. Concello de Lugo, no Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE.”

O Tenente de alcaldesa delegado da Área de
Xestión integral de Recursos Internos,

Ángel Pablo Permuy Villanueva
(Asinado dixitalmente)